



OBSERVATORIO DAS DINÁMICAS TRANSFRONTEIRIZAS DO RÍO MINHO

RECURSOS ENDÓXENOS



Acción do Proxecto "Rede de Apoio as dinámicas locais de cooperación no río Miño transfronteirizo" - REDE_LAB_MINHO, co-financiado polo Programa Interreg V-A España Portugal (Actividade 2 – Construción e dinamización de unha rede de cooperación e observación das dinámicas transfronteirizas)

ÍNDICE

Introdución	3
RECURSOS NATURAIS	6
RECURSOS HUMANOS	11
RECURSOS PRODUTIVOS	17
CALIDADE DE VIDA DO TERRITORIO	23
Benestar económico	23
Benestar físico (saúde)	24
Benestar social	25
Benestar económico, físico e social en comparanza.....	27
CONCLUSIÓNS	32

FICHA TÉCNICA

Promotor:	AECT Rio Minho
Edición:	AECT Rio Minho © 2022
Redacción:	Seixas Invest, S.L. (autores: Francisco Xavier Martínez Cobas e Carlos María Fernández-Jardón; Universidade de Vigo).
Colaboran:	Pedro Castro, Joana Nogueira e Sara Simões; Instituto Politécnico de Viana do Castelo. Raisa Pérez Vas, Universidade de Vigo.

INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento dun territorio depende en grande medida dos seus recursos endóxenos. Coñecer os recursos existentes no territorio é a base para poder aproveitálos como fonte de vantaxe competitiva e como factor de desenvolvemento sostible do territorio. Por este motivo, neste traballo presentamos un breve percorrido polos principais recursos endóxenos presentes na área do AECT Río Miño, tendo en conta o conxunto de concellos de Galicia e Portugal que lindan no Val do Miño. O AECT Río Miño abrangue 10 concellos de Portugal e 16 concellos de Galicia. Está situada no tramo final do Río Miño, na área transfronteiriza entre os dous países, e ten unha extensión de 3.312 km² e unha poboación de 376.000 habitantes.

Segundo outros autores, definimos *“os recursos endóxenos como un modelo de desenvolvemento que busca potenciar as capacidades internas dunha rexión ou comunidade local, para que poidan ser utilizados para fortalecer a sociedade e a súa economía dende dentro para fóra, para que sexa sustentable e sostible no tempo”*¹

O modelo de desenvolvemento sostible dun territorio fai pensar que os recursos endóxenos achegan unha serie de vantaxes á economía local e potencian a súa importancia na estrutura do territorio:

En primeiro lugar, o desenvolvemento sostible do territorio aumenta o nivel de vida da área, xa que a súa explotación sostible xera novas oportunidades e novos postos de traballo, incrementando o nivel de renda das familias.

En segundo lugar, o coñecemento dos recursos endóxenos do territorio permite potenciar as súas vantaxes competitivas. O incremento e mellora dos recursos favorece o desenvolvemento das actividades produtivas. En terceiro lugar, o coñecemento dos recursos endóxenos do propio territorio permite apostar por unha diferenciación con respecto a outros concellos e outras áreas.

Deste xeito, diferenciándose en características específicas do territorio que o sitúan mellor que outras zonas circundantes, a área do AECT Río Miño sitúase nun espazo específico, diferenciado, e pode converterse nun referente a niveis territoriais superiores.

¹ <https://almanatura.com/proyectos>

A toma de conciencia dos recursos endóxeos existentes no territorio fomenta o sentimento de pertenza, xa que a comunidade defende o produto e, como consecuencia, está a defender a súa xente. É un feito observado ao longo da Historia que a perda do “sentido de pertenza” é unha das causas do abandono dos pobos. O coñecemento dos propios recursos endóxeos e o feito de asumir a importancia que estes recursos aportan ao territorio fortalece ese sentimento de pertenza.

Finalmente, o coñecemento dos recursos endóxeos é unha fonte de innovación e desenvolvemento. Dado que a estrutura produtiva que se vincula aos recursos debe innovar para poder ser competitiva, o coñecemento dos recursos do territorio son unha das claves desa innovación e desa competitividade nos mercados.

De acordo con estes obxectivos, o esquema do traballo a seguir presenta os recursos considerados endóxeos na área do AECT Río Miño e as implicacións que estes recursos teñen na calidade de vida do territorio. Para facilitar a exposición teranse en conta tres aspectos complementarios:

- Por unha banda, seleccionaranse indicadores absolutos do territorio, que indiquen como é a nivel global.
- Xunto a estes indicadores absolutos teranse en conta outros indicadores relativos, que axuden a percibir a posición relativa da área de estudo no seu conxunto.
- Finalmente, farase unha comparación dos indicadores relativos do conxunto do territorio cos mesmos indicadores de toda Galicia e Portugal, o que permitirá coñecer a situación competitiva na que se atopa a área con respecto aos territorios en que se inclúe.

Existen diferentes clasificacións relacionadas cos recursos dun territorio. Desde un enfoque no que é de interese analizar a competitividade potencial do territorio, e seguindo o esquema de posibles indicadores que suxire a AECT, estudaranse basicamente tres grandes grupos de recursos, aínda que dentro destes grupos teranse en conta distintos aspectos, ou incluíranse elementos que combinan diferentes indicadores.

En primeiro lugar, estudaranse os recursos naturais, é dicir, aqueles recursos específicos do territorio asociados ás condicións físicas e ambientais do territorio.

En segundo lugar, estudaranse os recursos humanos, incluíndo o potencial das persoas que viven na área do AECT Río Miño.

En terceiro lugar, analizaranse os recursos produtivos, é dicir, aqueles que fan referencia á capacidade produtiva e á xeración de valor que ten o territorio, que adoitan ser consecuencia da transformación e combinación dos recursos naturais coa participación activa dos recursos humanos e o aproveitamento das capacidades organizativas existentes no territorio.

Para rematar de explicar o conxunto de recursos endóxenos do territorio, convén falar da calidade de vida do territorio, que adoita ser consecuencia do aproveitamento destes recursos endóxenos, pero ao mesmo tempo é un recurso endóxico en si mesma, xa que indica capacidade de atracción e imaxe do territorio. A isto dedicarase unha sección final deste informe.

RECURSOS NATURAIS

A definición de recursos naturais ven moi condicionada pola perspectiva. Non supón o mesmo dende o ámbito das Ciencias Naturais do que dende outras ópticas, como a económica que condiciona a finalidade deste informe.

Dende unha óptica económica, como por exemplo a do Banco Mundial, os recursos naturais son “*materiais existentes no entorno natural escasos e economicamente útiles na produción ou o consumo, ben sexa en estado bruto ou tras teren sido sometidos a un mínimo proceso de elaboración*”.²

Para a FAO, orientada á produción de alimentos, o desenvolvemento rural e os medios de subsistencia sostibles, os recursos naturais son “*a terra, a auga e o material xenético*”.³

Dende un punto de vista do Dereito, o Dicionario Panhispánico Xurídico define os recursos naturais como o “*conxunto de compoñentes da natureza que poden ser empregados polo ser humano para satisfacer as súas necesidades e que teñen un valor actual ou potencial, como é a paisaxe natural, as augas superficiais e subterráneas, o solo, o subsolo e as terras, a biodiversidade, a xeodiversidade, os recursos xenéticos e os ecosistemas que dan soporte á vida, os hidrocarburos, os recursos hidroenerxéticos, eólicos, solares, xeotérmicos e similares, a atmosfera e o espectro radioeléctrico, ou os minerais, as rochas e outros recursos xeolóxicos renovables e non renovables*”.⁴

Polo tanto, os recursos naturais dun territorio inclúen a maior parte dos elementos que teñen que ver co sector extractivo, isto é, a capacidade agrícola, gandeira e pesqueira do territorio, os recursos forestais, os recursos enerxéticos, as posibilidades de obtención de minerais e produtos metálicos e non metálicos.

A información sobre estes recursos, especialmente os recursos agrícolas e gandeiros, non adoita recollerse de forma continuada nos diferentes institutos de estatística dos países que inclúen os concellos de estudo, e as que hai, non sempre os ofrecen con criterios homoxéneos entre elas. Por iso, buscáronse indicadores que aproximen a situación destes recursos no territorio. O indicador máis próximo, común e homoxéneo estatisticamente a todos os concellos existentes na área do Miño, fai referencia ao número de empresas que se dedican a algunha destas actividades, xa que se supón que cantas máis empresas dunha

² https://www.wto.org/spanish/res_s/booksp_s/anrep_s/wtr10-2b_s.pdf

³ <https://www.fao.org/3/i0765s/i0765s13.pdf>

⁴ <https://dpej.rae.es/lema/recurso-natural>

actividade hai, posiblemente indica que existen máis recursos deste tipo en explotación no territorio.




Ilustración 1: N.º de empresas en Agricultura e industrias extractivas no AECT

Na ilustración 1 indícase, para o conxunto do AECT Río Miño, o número de empresas do sector agrario e da industria extractiva durante os anos 2015 a 2019. Obsérvase un claro descenso, que fai pensar como estas actividades están perdendo forza, cando menos no modelo tradicional de pequena empresa e explotación individual, fronte a outros modelos de explotación.

As industria extractivas teñen un número moi reducido, aínda que son significativas en termos de produción e emprego. O máis salientable é a explotación de canteiras de granito, un recurso xeolóxico moi valioso no territorio. O Porriño e Ponte de Lima son, tal vez, os concellos de referencia no granito, se ven a actividade esténdese por máis concellos, como Monçao ou Salceda de Caselas, entre outros.

A arquitectura popular de todo o AECT comparte o emprego da pedra do lugar (granito, xisto...) coma material básico para a construción das vivendas e das edificacións en xeral, e conforma unha parte valiosa do patrimonio común ao longo da Historia, dende as mámoas e dolmes, castros, igrexas, cruceiros, horreos... e os castelos que caracterizan as beiras do Miño.

A mesma pedra conforma tamén unha parte importante do patrimonio natural, ás veces con formacións relevantes na paisaxe, coma os penedos, singularmente na serra do mesmo nome, A Peneda, mais tamén por todo o AECT.

No que toca ao sector agrario, é por número de empresas e de empregos moi representativo do territorio.

Para ver que actividade é a máis importante no sector agrario, incluímos a estrutura de cada subactividade dentro dese sector, e o cambio que se produce entre 2016 e 2019 (ver a ilustración 2). Obsérvase que a actividade máis importante é a agricultura e a gandería, aínda que o seu peso diminúe lixeiramente entre ambos anos. O da pesca e a acuicultura tamén diminúe, sendo o forestal o único que medra.




Ilustración 2: Estrutura das actividades do sector primario

Moitos dos recursos naturais son utilizados tamén coma fonte de turismo. Un aspecto esencial desde este punto de vista ten que ver cos espazos protexidos dos recursos naturais, é dicir, os espazos pertencentes á rede natural, xa que permiten un maior desfrute da natureza.

Na ilustración 3 indícase a superficie total do espazo pertencente á rede Natura e a súa evolución nos últimos anos. Esta ilustración amosa como esta superficie se mantén estable

dende hai uns anos, e foi evolucionando positivamente en 2019, consecuenta coa cada vez maior preocupación ambiental no conxunto da área do AECT.




Ilustración 3: Superficie da Rede Natura no AECT

Para rematar este apartado, realízase unha comparación dos recursos naturais existentes no territorio co conxunto de Galicia e Portugal, o que permite analizar a posición competitiva do territorio nestes recursos. Para comparar a situación das empresas do sector agrario con Galicia e Portugal, estudouse a media do índice de especialización dos concellos da zona, que indica a importancia relativa da actividade, con respecto aos dous territorios nos que se inclúe a área. Isto quere dicir que a media no total de Galicia e Portugal, de existencia de empresas dun subsector, toma o valor 1. Se o resultado no AECT Río Miño é maior ca 1, significa que ten unha maior especialización produtiva nesa actividade, e se é menor ca 1, ten unha especialización produtiva inferior.

A ilustración 4 mostra a especialización media da zona nas diferentes actividades asociadas ao sector agrario. A especialización media no seu conxunto é de 1,21, o que indica que a área do AECT está máis especializada nesta actividade ca Galicia e Portugal. Esta especialización incrementase na actividade pesqueira e sobre todo na forestal, achegándose ao 1,5, é dicir, hai relativamente case un 50% máis de empresas forestais nesta área do que no conxunto de Galicia e Portugal.




Ilustración 4: Especialización en media verbo da área á que pertencen no AECT

Do mesmo xeito, a porcentaxe da Rede Natura na área do AECT compárase coa devandita porcentaxe en Galicia e Portugal (ver Ilustración 5). Obsérvase que a porcentaxe en Portugal é moi superior á do AECT e á de Galicia, pero no AECT esa porcentaxe é superior á galega.




Ilustración 5: Porcentaxe de superficie dedicada á Rede Natura

RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos son o conxunto de persoas que pertencen a unha organización, a un determinado sector económico, a un territorio, así como a unha economía no seu conxunto. Considérase recurso humano calquera persoa física que teña vinculación cunha organización, sector ou economía. Os recursos humanos son fundamentais para o desenvolvemento do talento no territorio e constitúen un dos principais recursos endóxenos.

Dentro dos recursos humanos do territorio analizaranse diferentes aspectos que axuden a comprender a situación concreta na que se atopa este. O primeiro aspecto ten que ver co capital humano. Para medir o capital humano nunha área, utilizaranse indicadores que traten de avaliar a cantidade de capital humano, e indicadores que traten de avaliar a calidade do capital humano. Entre os primeiros están a poboación e o emprego. Entre estes últimos está o nivel educativo da poboación.




Ilustración 6: Evolución da poboación no AECT

A ilustración 6 mostra a evolución do número de habitantes na área. Obsérvase un claro descenso ata 2018 cun lixeiro aumento en 2019, o que fai pensar que o descenso da poboación estase estancando, entendemos que por tres causas con vínculos entre elas:

- A primeira, sería o desenvolvemento económico da área do AECT, que estaría a transformar a produción no sector primario, e a consolidar a política de parques empresariais e a atracción de empresas, singularmente en Vila Nova da Cerveira, Valença, O Porriño e Viana do Castelo, e agora en Salvaterra (coa Plisan) e en Paredes de Coura, entre outros.
- En segundo lugar, pola saída de persoas das cidades, e en particular polo efecto de área metropolitana de Vigo, con poboación que procura mellores condicións de espazo e de prezo fronte ao casco urbano. O sucedido a partir de 2020, co efecto da pandemia, pode estar amplificando ese efecto.
- En terceiro lugar, pola atracción de retornados e de inmigrantes, vinculada á súa vez aos dous fenómenos anteriores. O crecemento económico no AECT e os prezos da vivenda no centro das cidades, e en especial en Vigo, favorecerían a instalación de poboación nos concellos da área.

A consecuencia do anterior é que, aínda que estabamos a ver un descenso do capital humano potencial, ese descenso parece estar reducíndose ou mesmo desaparecendo.

Non está claro, en todo caso, como afecta á calidade do capital humano. Este aspecto analízase con indicadores complementarios.




Ilustración 7: Número de empregos no AECT

A ilustración 7 amosa como evoluciona a cantidade de emprego no territorio. A evolución é positiva, indicando o atractivo da zona para os asalariados e a posibilidade de aumentar o seu capital humano, aínda que se estaba a perder lixeiramente o potencial debido á poboación. A estatística de emprego confirma o crecemento económico e a diversificación sectorial que está a vivir a economía no AECT Río Miño.




Ilustración 8: N.º de estudantes en educación obrigatoria

Para avaliar o potencial da calidade do capital humano utilizamos o número de estudantes que cursan o ensino obrigatorio, que é un indicador da formación que aportarán as novas xeracións. Os datos están recollidos na Ilustración 8. Nela obsérvase un claro descenso, o que fai pensar que, no futuro, se non se toman medidas, haberá un déficit de capital humano que pode limitar o crecemento do territorio.

Que descenda o número de estudantes, en todo caso, non ten que ver coa redución das taxas de estudo e de éxito, dentro da poboación máis nova, senón co efecto demográfico do descenso da natalidade, dende hai anos. Os cambios sociais e culturais, e a emigración dunha parte importante da poboación en idade de ter fillos a outros territorios, tanto de ambos países coma doutros, estarían condicionando a redución da pirámide demográfica pola base, coa lóxica que se deriva disto a longo prazo.

O segundo aspecto que é interesante medir ten que ver coa capacidade de innovación do territorio. Definiuse un indicador específico, xa que os indicadores tradicionais, en función do número de patentes ou outras similares, son difíciles de conseguir en concellos

tan pequenos como os analizados neste territorio. Por este motivo, empregamos dous indicadores asociados ao número de empresas dedicadas á I+D.




Ilustración 9: Porcentaxe de empresas dedicadas á actividade de I+D no AECT

En primeiro lugar, indicamos a porcentaxe de empresas dedicadas á I+D da área e a súa evolución nos últimos anos (ver Ilustración 9). Obsérvase que a súa porcentaxe mantense estable nun 0,1% aproximadamente, o que indica que a actividade non é das máis importantes do territorio, aínda que non diminúe.




Ilustración 10: Capacidade: número de empresas de I+D por cada mil habitantes AECT

Ademais, a capacidade de innovación medirase a través do número de empresas de I+D por cada mil habitantes que existan no territorio. A ilustración 10 amosa a evolución, moi similar á da porcentaxe, pero algo máis suave debido á lixeira baixada da poboación. En 2019 obsérvase unha recuperación que suxire que pode haber un repunte da capacidade de innovación do territorio.

Para rematar este apartado, analizamos a comparación dos recursos humanos existentes no territorio con respecto á situación destes recursos en Galicia e Portugal. Para esta comparación, estúdanse dous indicadores.




Ilustración 11: Índices de renovación no ano 2020

En primeiro lugar, estúdase o potencial da poboación, comparando as taxas de renovación do territorio coas taxas de Galicia e Portugal. A figura 11 recolle estes datos. Nela obsérvase como hai unha clara diferenza entre a situación de Portugal e o resto, sendo a área do AECT moi semellante á de Galicia, cunha certa mellora. En calquera caso, o potencial da área é escaso e pode ser necesario atraer capital humano doutros territorios para afianzar o desenvolvemento e a actividade económica.

En segundo lugar, comparamos o nivel de potencial de emprego, é dicir, o número de postos de traballo creados, con respecto á poboación potencialmente activa, da área do AECT en relación con Galicia e Portugal (ver Ilustración 12). Esta figura mostra unha situación totalmente inversa á observada anteriormente. Galicia aparece coa mellor taxa de emprego potencial, mentres que o AECT está mellor do que o indicador portugués.

Posiblemente, ter unha poboación potencialmente activa menor en Galicia sexa unha das causas destas diferenzas.




Ilustración 12; número de empregados por poboación potencialmente activa

Por último, comparamos a porcentaxe de poboación que está no ensino obrigatorio, o que indica o potencial relativo do capital humano futuro. A ilustración 13 recolle esta información, mostrando que as porcentaxes son similares. Portugal está por riba de todos eles, seguido da AECT, que está por riba do indicador galego. Neste sentido, a figura confirma que a área vai necesitar capital humano en comparación con Portugal, pero está comparativamente mellor do que Galicia.




Ilustración 13: Número de estudantes por habitante (en porcentaxe)

RECURSOS PRODUTIVOS

Os recursos produtivos inclúen o conxunto de recursos do territorio que permiten xerar valor mediante a transformación dos recursos naturais, facendo uso dos recursos humanos existentes na área do AECT. Inclúense, daquela, as cadeas de valor que se desenvolven no propio territorio e as que permiten xerar valor noutros. Polo tanto, neste apartado desenvolverase o conxunto das actividades produtivas. Dado o interese que a actividade turística ten no área, os recursos turísticos serán separados do resto de recursos produtivos e tratados especificamente.

En primeiro lugar, descríbese o esquema de empresas por grandes grupos de actividades que existe no territorio. Deste xeito, pódese coñecer cal é a estrutura produtiva e como se sitúa o AECT Río Miño nunha potencial competitividade con outras rexións de Galicia e Portugal.

A ilustración 14 mostra o número de empresas da área e a súa evolución nos últimos anos. Obsérvase un claro aumento do número de empresas, o que indica un potencial crecente ata 2019, último ano dispoñible para ambas beiras do Miño.




Ilustración 14: Evolución no número de empresas do AECT

Ademais, é importante coñecer como se distribúen as empresas. Na ilustración 15 indícase a porcentaxe de empresas en cada actividade, organizadas pola CNAE 1, no área e no ano 2019. Obsérvase que a maior porcentaxe dáse no comercio, o que é unha

especialización tradicional na estrutura económica das zonas transfronteirizas. Séguenlle a agricultura, a gandería, a pesca e a silvicultura, é dicir, as empresas dedicadas aos recursos naturais extraíbles, o que pon en valor potencial deste territorio, en parte polo clima (as condicións de temperatura, sol e humidade son excepcionalmente boas para moita produción vexetal). En parte, tamén, pola propia presenza do río Miño, do seu esteiro e dos seus afluentes, e polo valor da costa marítima.




Ilustración 15. Porcentaxe de empresas en cada actividade no AECT (2019)

A continuación, analízanse os recursos turísticos existentes no territorio, que achegan valor e indican parte do potencial de atracción da área.

Os recursos turísticos van ser medidos mediante dous indicadores: un absoluto, que fai referencia ao número de establecementos turísticos; outro relativo, definido polo número de prazas en establecementos turísticos ofertados por cada quilómetro cadrado, indicativo da densidade da oferta e da accesibilidade que teñen os recursos naturais do territorio para o seu desfrute.

Na ilustración 16 indícase a evolución do número de establecementos turísticos no AECT entre 2017 e 2020, os únicos dispoñibles en ambas as fontes estatísticas. Obsérvase unha tendencia crecente, mesmo no ano 2020, afectado pola crise da COVID-19. Isto fai pensar que a oferta turística foi crecendo con moita intensidade, indicando o potencial presente na área para atender as demandas turísticas. É razoable pensar que a oferta medra, sobre todo, polo despegue e asentamento social dos pisos e casas alugados por medio de plataformas dixitais (Booking, AirBNB), que estarían levando a moitas persoas con propiedades a poñelas no mercado, ben totalmente ou ben parcialmente (en temporada de verán, ou parte das casas).




Ilustración 16: Establecementos hostaleiros no AECT

O segundo indicador ten que ver coa demanda territorial relativa. Escollemos o número de camas hoteleiras por km² para valorar a facilidade ou dificultade de acceso dos turistas a un lugar onde pasar a noite. A ilustración 17 recolle esta información. Obsérvase un crecemento ata 2019 con estancamento en 2020. É posible que aquí se notara o impacto da COVID-19, afectando a hoteis ou pensións que poden ter pechado, namentres se asenta o

novo modelo de vivendas particulares. Este segundo supón máis unidades produtivas, pero menos oferta (menos camas) por negocio aberto.




Ilustración 17. N.º de prazas en establecementos turísticos por Km2 no AECT

Por último, realízase unha comparación con Galicia e Portugal, para contrastar a situación e avaliar en que aspectos presenta vantaxes competitivas con respecto ás zonas próximas.

Dentro desta comparación, representamos, inicialmente, a diferenza entre as estruturas produtivas do AECT coa de Galicia e Portugal (ver Ilustración 18). Nesta obsérvase como as características da área do AECT son moi diferentes ás outras dúas, así como as estruturas de Galicia e Portugal. Por exemplo, en Agricultura a área ten relativamente máis empresas do que o conxunto de Portugal, pero menos que en Galicia. Só nas industrias da construción, transformadoras e extractivas, a área sitúase por enriba de ambas zonas, o que indica o forte tirón do éxito da política de parques empresariais e de atracción de empresas, sobre todo na parte portuguesa do AECT, así coma a importancia, xa comentada anteriormente, da extracción e tratamento do granito e da pedra ornamental en xeral. Todo isto tirarían do emprego e, xunto coa expansión de segundas vivendas de poboación urbana, tirarían á súa volta da construción.




Ilustración 18: Comparativa de estruturas produtivas do AECT con Galicia e Portugal

CALIDADE DE VIDA DO TERRITORIO

A calidade de vida é un conxunto de factores que lle dan ás persoas benestar, tanto material como emocional. É un concepto que inclúe o benestar material, é dicir, ter recursos económicos para vivir; o benestar físico, que adoita referirse a aspectos relacionados coa saúde; e benestar social, que inclúe aspectos relacionados coas posibilidades de educación e goce das relacións sociais.

Con esta intención, para medir a calidade de vida do territorio empregaranse indicadores asociados ao benestar económico e social nos concellos do AECT Río Miño.

BENESTAR ECONÓMICO

Para medir o benestar económico faise uso do PIB per cápita xerado no territorio, que indica a capacidade económica media xerada por cada un dos habitantes existentes na área. A ilustración 19 amosa a súa evolución entre 2015 e 2019. Obsérvase que o devandito PIB está a medrar, o que suxire unha mellora das condicións de vida do conxunto do territorio.




Ilustración 19: PIB per cápita en euros no AECT

Outro indicador relevante, xa utilizado anteriormente, é a evolución no número de empregos, que foi presentada na Ilustración 7, e presenta unha evolución similar. O aumento do PIB per capita da Ilustración 19 vai acompañado dun aumento do emprego,

pero non do aumento da poboación (Ilustración 6), que descendeu nestes anos. O que aumenta, por tanto, é a poboación activa dentro do AECT.

Outro indicador que avala esta evolución positiva, tamén comentado anteriormente, é o número de empresas (Ilustración 14), que acompaña no seu aumento o do PIB per capita e o dos empregos. Semella claro que, cando menos ata a chegada da pandemia, a área do AECT coñece un aumento do seu benestar económico, manifestado na consistencia entre eles dos indicadores.

BENESTAR FÍSICO (SAÚDE)

Para medir o benestar físico, empréganse dous indicadores vinculados á oferta sanitaria: a oferta de especialistas sanitarios por cada mil habitantes e o número de empresas dedicadas a temas de saúde por cada mil habitantes.




Ilustración 20: Persoal que traballa en centros de saúde do AECT por cada mil habitantes

A ilustración 20 mostra o primeiro destes indicadores. Obsérvase un aumento ata 2019, estabilizándose en 2020, ano no que a COVID-19 tivo unha grande repercusión nas condicións das prestacións sanitarias.

En segundo lugar, preséntase na Ilustración 21 o número de empresas no ámbito da actividades sanitarias. A información só chega ata o ano 2019. Na Ilustración 22 pódese observar que a taxa de empresas por cada mil habitantes foi aumentando en todos eses anos, acadando un 6,15 por mil en 2019. Isto supón unha mellora das condicións sanitarias

do conxunto da área, e tamén é indicativo da instalación, sobre todo, de profesionais das diferentes polas da saúde.




Ilustración 21: N.º de empresas en actividades de saúde por cada mil habitantes no AECT

BENESTAR SOCIAL

Neste caso, os indicadores con información homoxénea no conxunto do territorio céntranse en dous aspectos: a educación e a cultura.

Para avaliar a oferta educativa tamén se empregarán 2 indicadores: o número de centros educativos por cada mil habitantes e o número de empresas educativas por cada mil habitantes. Na ilustración 22 móstrase a información relativa ao número de escolas por cada mil habitantes.

Obsérvase que estas van diminuindo, coincidindo coa diminución de estudantes xa presentada na Ilustración 8. Porén, esta baixada fai pensar que as dotacións educativas están a diminuír xunto co número de habitantes e o envellecemento da poboación, limitando o capital humano futuro.




Ilustración 22: N.º de centros escolares por cada mil habitantes

Cando se observa a Ilustración 23, que representa o número de empresas educativas por cada mil habitantes, a situación invértese. Estas empresas están medrando en número ata 2018, onde parece estancarse o crecemento. Cabe pensar en que incrementan a oferta en academias e actividades extraescolares, así coma materias non presentes na educación regrada. Isto indica unha certa mellora na calidade de vida educativa ata 2018.




Ilustración 23: Número de empresas educativas por cada mil habitantes

Para medir a oferta cultural emprégase un indicador co número de empresas culturais por cada mil habitantes (ver Ilustración 24).

A observación desta ilustración apunta a un crecemento continuo da oferta cultural, o que suxire unha mellora neste aspecto das condicións de vida da área do AECT.




Ilustración 24: número de empresas culturais por cada mil habitantes

Para medir a oferta cultural emprégase un indicador co número de empresas culturais por cada mil habitantes (ver Ilustración 24). A observación desta ilustración apunta a un crecemento continuo da oferta cultural, o que suxire unha mellora neste aspecto das condicións de vida da área do AECT.

BENESTAR ECONÓMICO, FÍSICO E SOCIAL EN COMPARANZA

Do mesmo xeito que se realizara en apartados anteriores, analízanse dun modo comparado os indicadores de calidade de vida, fronte aos de Galicia e Portugal.




Ilustración 25: Comparativa do PIB per cápita en euros

En primeiro lugar, a calidade de vida compárase en aspectos económicos. A ilustración 25 mostra o PIB per cápita en miles de euros en Galicia, Portugal e a AECT. O PIB per cápita da área é algo inferior ao de ambos territorios. A ausencia de grandes cidades dentro do AECT, onde se concentran os maiores niveis de produción, renda e riqueza, fan que a comparativa dea unha posición relativa inferior.

No que toca á oferta sanitaria, emprégase a comparativa de persoal sanitario por cada mil habitantes, recollida na Ilustración 26.




Ilustración 26: Comparativa do persoal sanitario por cada mil habitantes

Como se pode apreciar, Portugal mantén taxas maiores de emprego en atención sanitaria, tendo o AECT unha posición intermedia entre a de Portugal e a de Galicia.

Se se observa o número de empresas en actividades sanitarias por cada mil habitantes (ver Ilustración 27), os datos amosan un maior número na oferta sanitaria de Portugal, que é tres veces do que a galega en número de empresas por cada mil habitantes, e co AECT nunha posición intermedia.




Ilustración 27: Número de empresas de saúde por cada mil habitantes no ano 2019

Atribuimos estas diferenzas tan acusadas a dúas posibilidades:

A primeira é que sería indicativa da diferenza de modelos sanitarios. No caso galego, cun peso forte da sanidade pública e menor oferta privada, estando ademais esta oferta privada cada vez máis concentrada. No caso portugués, tendo tamén un sistema sanitario público moi asentado, é posible que a demanda teña unha maior recorrencia á oferta médica privada de clínicas e profesionais.

A segunda, a posibilidade de que os datos non sexan homoxéneos. Mesmo con conceptos similares ou idénticos, as definicións ou as regras de cómputo dos indicadores poderían ser diferentes.

En termos educativos, a situación é similar. Na ilustración 28 recóllese o número de centros de educación obrigatoria por cada mil habitantes nas tres zonas. Obsérvase que, unha vez máis, Portugal é o mellor dotado en número de centros, aínda que as diferenzas non son tan grandes coma no ámbito da saúde. A área do AECT atópase nunha situación intermedia entre ambas zonas, propia de zonas transfronteirizas, participando dos modelos de ambos os territorios.

Pode que, ademais de diferenzas nos modelos galego e portugués de educación, pese tamén con moita probabilidade a diferenza demográfica entre Galicia e Portugal no seu conxunto, tendo Galicia unhas taxas de natalidade e unha poboación en idade escolar inferiores en ratios ás de Portugal, polo que os centros educativos atenden, como se viu na Ilustración 13.




Ilustración 28: Número de centros educativos por cada mil habitantes en 2020

Se a comparativa se produce entre o número de empresas educativas para cada mil habitantes, as diferenzas son similares ás anteriores. O número de empresas educativas é maior en Portugal, onde atende probablemente a unha maior demanda de poboación nova, de estudantes, aínda que cada vez máis a oferta educativa abrangue ao conxunto da poboación, e non só aos máis novos.




Ilustración 29: Número de empresas educativas por cada mil habitantes

Por último, analizamos a situación na oferta cultural. Na ilustración 30 indícase o número de empresas de actividades culturais, deportivas e recreativas por cada mil habitantes, indicador das posibilidades da cultura e do lecer.




Ilustración 30: Número de empresas culturais por cada mil habitantes no ano 2019

De novo, os indicadores apuntan a que Portugal ten unha maior oferta que Galicia, mentres que a AECT se atopa nunha situación intermedia entre ambos os territorios.

En definitiva, a comparativa sitúa a área do AECT nunha posición intermedia, en termos xerais, entre a galega e a portuguesa, agás na estimación do PIB per cápita, que sería algo inferior. Neste indicador a posición sería superior para Galicia, e nos indicadores de benestar social as ratios apuntan a un maior valor en Portugal.

CONCLUSIÓNS

Este informe tenta medir algúns dos indicadores, considerados máis relevantes na literatura económica, para coñecer cal é a situación dos recursos endóxenos dos territorios transfronteirizos situados na área do AECT Río Miño.

Os recursos clasificáronse en 3 grandes aspectos: recursos naturais, recursos humanos e recursos produtivos. Os dous primeiros tratan de avaliar os factores de produción e desenvolvemento que existen no territorio, o terceiro trata de avaliar os procesos de transformación destes factores en resultados de mellora no territorio. Ademais, mediuse a calidade de vida do territorio como un resumo do resultado de todos estes recursos.

Entre os recursos naturais, área do AECT destaca por presentar unha boa situación en canto aos recursos asociados á agricultura e á extracción de granito e pedra ornamental. No que respecta ao sector primario, a actividade de agricultura e gandería é a máis relevante no área, pero foi diminuindo lixeiramente ao longo dos anos, aumentando, por outra banda, a actividade forestal. A superficie dedicada á Rede Natura aumentou minimamente en 2019.

Ao comparar a situación da área con respecto a Galicia e Portugal, pódese observar que en xeral existe unha maior especialización relativa en actividades do sector agrario, especialmente nas actividades forestais. En canto á porcentaxe de espazos naturais, a situación da zona é intermedia entre Galicia e Portugal, sendo este último o que presenta maior porcentaxe de Rede Natura.

A situación dos recursos humanos é máis complexa. Mentres se observa un descenso da poboación, obsérvase un aumento do emprego, é dicir, o conxunto do capital humano está a diminuír, pero aumenta o capital humano dispoñible para a obtención de riqueza. Tamén está a diminuír o número de alumnos do ensino obrigatorio, o que é un indicador dunha futura caída do capital humano do territorio. Pola contra, tamén se observa un certo crecemento da capacidade de innovación.

Para comparar a área do AECT con Galicia e Portugal utilizamos dous indicadores complementarios: o índice de renovación, que indica a capacidade de renovación do capital humano, e a taxa de ocupación potencial, dado que non dispoñíamos de datos sobre a taxa de ocupación directamente en todos os concellos do AECT. En ambos os

indicadores, a área atópase nunha situación intermedia entre Galicia e Portugal. No índice de renovación Portugal está por riba mentres que en taxa de emprego potencial Galicia está por riba.

Medimos os recursos produtivos polo número de empresas existentes na área e a súa distribución. No primeiro dos indicadores obsérvase un crecemento sostido no tempo, que é un indicador da mellora do territorio nestes recursos. En canto á distribución, destacan comparativamente as actividades de comercio, agricultura e construción. O primeiro é moi habitual nas zonas transfronteirizas, xa que os intercambios de produtos forman parte das súas vantaxes competitivas. A segunda, posiblemente, sexa consecuencia das vantaxes xeográficas e climáticas existentes no territorio. A terceira débese posiblemente ao atractivo que está a ter, tanto polo anterior, como polo efecto metropolitano de Vigo, pola demanda de segundas vivendas fora das cidades (O Porto, Vigo, Braga, Ourense, e polo tirón turístico, xerando demanda de novas construcións ou melloras das existentes.

Entre os recursos turísticos, analizáronse os establecementos turísticos e as prazas turísticas ofertadas por quilómetro cadrado. O primeiro punto indicaría a capacidade da oferta turística do territorio, mentres que o segundo a facilidade de acceso á devandita oferta. En ambos os casos obsérvase un crecemento continuado, aínda que no segundo dos indicadores en 2020 se estabiliza, posiblemente polo efecto da COVID-19.

Ao facer a comparación con Galicia e Portugal, obsérvase que as estruturas produtivas adoitan atoparse nun nivel intermedio entre ambas áreas. Non obstante, a área do AECT destaca fronte a Galicia e Portugal por unha mellor estrutura construtiva para a industria transformadora e extractiva. Unha vez máis, obsérvase a capacidade de atracción do territorio en canto á demanda de novas vivendas ou reforma das existentes e, sobre todo, ao atractivo industrial pola política de captación e a oferta de parques empresariais, especialmente na parte portuguesa do AECT. A situación en materia de recursos turísticos atópase nunha situación intermedia.

As medidas da calidade de vida da zona indican certa mellora na maioría dos indicadores. Obsérvase un crecemento no PIB per cápita, no número de empresas dedicadas a actividades sanitarias por cada mil habitantes, no número de persoal dedicado aos servizos sanitarios en centros de saúde por cada mil habitantes, no número de empresas dedicadas á educación por cada mil habitantes e nas dedicadas a actividades culturais.

O único descenso é o número de centros educativos por cada mil habitantes. Neste sentido, obsérvase unha mellora da calidade de vida con certo risco potencial pola falta de capital humano no futuro.

Ao comparar a situación da área con Galicia e Portugal, vese claramente como participa en ambos os territorios, xa que se atopa nun nivel intermedio en todos os indicadores, aínda que existen diferenzas entre o comportamento destes indicadores de calidade de vida entre Galicia e Portugal. Por exemplo, o PIB per cápita é maior en Galicia, o que suxire que o benestar económico é maior neste territorio. En cambio, outros indicadores son máis elevados en Portugal, en relación ao benestar físico e social.

En síntese, pódese dicir que o territorio presenta melloras na práctica totalidade dos indicadores considerados, sobre todo nos relativos aos recursos naturais e aos recursos produtivos.

